

# EMHU

## **Carolina Iglesias e Victoria Martín, de Estirando el Chicle, Ignatius Farray, Javier Veiga e Juan Dávila protagonizan a ponte de maio no EMHU**

**Este domingo 30, ás 16:00 horas, o Castelo de Santo Antón será o escenario do espectáculo *Estirando el chicle en un castillo*, que recolle a gravación do exitoso podcast de Carolina Iglesias e Vitoria Martín, que regresan ao EMHU por segundo ano consecutivo**

**Tamén o domingo 30, ás 18:00h, Ignatius Farray tomará as táboas do Teatro Colón co seu espectáculo de vivencias persoais *La comedia salvó mi vida***

**Ás 20:30h, Javier Veiga presentará no mesmo escenario a proxección do seu filme *Amigos hasta la muerte*, con un show-tertulia posterior protagonizado polo propio Veiga, Marta Hazas, David Amor e Xosé A. Touriñán**

**O luns 1 de maio será a quenda dun dos 'showmans' máis esperados deste terceira edición do EMHU: Juan Dávila, o auténtico mesías da improvisación, que achegará ao Colón, ás 19:30h, o monólogo cómico do momento, *La capital del pecado 2.0***



O cómico Ignatius Farray presentará *La comedia salvó mi vida*

**A Coruña, 29 de abril de 2023.-** O Encontro Mundial de Humorismo avanza na programación da súa terceira edición esta ponte de maio con Carolina Iglesias e Victoria Martín, de Estirando el Chicle, Ignatius Farray, Javier Veiga e Juan Dávila como protagonistas.

A terceira xornada do EMHU, que se desenvolverá o **domingo 30 de abril**, contará cun escenario único, o Castelo de Santo Antón, que acollerá un dos shows máis destacados desta terceira edición do



festival. Alí chegarán ás 16:00 horas **Carolina Iglesias e Victoria Martín** -que repiten no EMHU trala súa exitosa visita en 2022- para presentar o espectáculo ***Estirando el chicle en un castillo***. *Estirando el chicle* é un podcast de comedia no que as cómicas conversan con mulleres relevantes da cultura e do entretemento. Nas súas xa cinco temporadas, converteuse nun dos podcasts máis escoitados de España, superando o millón e medio de ouvintes mensuais. O proxecto, galardoado con dous premios Ondas e o Premio EMHU Fenómeno no 2022, fixo historia ao vender todas as entradas do Wizink Center de Madrid en menos de 24 horas, converténdose no espectáculo de comedia máis grande que xamás se celebrou na historia do noso país. Este 2023, no EMHU, *Estirando el Chicle* achegarase ao Castelo de Santo Antón para unha facer unha gravación especial do podcast con público en directo.

Pola súa banda, **Ignatius Farray** tomará as táboas do Teatro Colón (domingo 30 de abril, ás 18:00 horas) con ***La comedia salvó mi vida***. Durante una hora e media, Farray contará de corazón as súas vivencias e opinións como cómico coa fe de que a risa, antes ou despois, chegará. Con máis de 12 anos facendo Stand-up Comedy, o artista segue a pensar que ese é o estilo máis xenuíno e verdadeiro de facer comedia, precisamente pola implicación persoal que se supón que hai que ter coas cousas que se din ou se contan sobre o escenario.

Finalmente, a proxección da ópera prima de **Javier Veiga** como director cinematográfico -baseada na exitosa obra de teatro homónima que batiu récords de billeteira nos teatros galegos, nacionais e incluso internacionais- será o ramo da xornada do EMHU este domingo, 30 de abril. Ás 20:30 horas, o Teatro Colón da Coruña acollerá o primeiro pase con público en Galicia do filme ***Amigos hasta la muerte***, que ten como protagonistas a Marta Hazas, Mauricio Ochmann e ao propio Javier Veiga e en cuxo reparto se contan, tamén, os humoristas galegos David Amor, Xosé A. Touriñán e Leticia Sola.

Pero a velada promete moito máis, pois haberá proxección, preestrea, coloquio, espectáculo... e o poida xurdir! Así, logo do pase, o público poderá gozar xunto a **Javier Veiga, Marta Hazas, David Amor e Xosé A. Toruiñán** dunha tertulia para escachar coa risa, onde, ademais de coñecer unha morea de intrahistorias da gravación da película, haberá moitas sopresas e o xenuíno humor destes catro xenios e amigos.

### **Estrea en Galicia de *La capital del pecado 2.0***

O EMHU continuará no día festivo e o luns, 1 de maio, será a quenda dun dos showmans máis esperados deste terceira edición do festival: **Juan Dávila**, o auténtico mesías da improvisación, que achega o monólogo cómico do momento, ***La capital del pecado 2.0***, ao Colón ás 19:30 horas, no que será a súa estrea en Galicia. Un espectáculo ideal, como él mesmo describe, “para vir coa familia, se estás solteiro ou solteira, en parella, co teu grupo de amigas, se estás buscando novas oportunidades ou algunha cita inesperada”. Sábese como comeza, pero o final sempre é decisión do público: será parte do imprevisible mentres goza do show máis falcatrueiro e atrevido do ano.

No seu programa de actividades paralelas, o EMHU 2023 conta tamén coa exposición ***El Guernica: una viñeta universal, humor en la oscuridad***, que se poderá ver até o 30 de xuño na Casa Museo Picasso, con acceso libre. Coa mostra, que recolle **ilustracións de 50 humoristas -gráficos ou escénicos-**, o público poderá descubrir a reinterpretación que fan do mítico cadro de Picasso nomes como **Quino, Atxe, Mingote, Gallego y Rey, Elena Ospina, Siro López, Pinto & Chinto** ou até o propio Luis Piedrahita.



## AXENDA PROGRAMACIÓN EMHU 2023 PARA A PONTE DE MAIO

### Domingo 30 de abril

16:00 horas | Castelo de Santo Antón: **Estirando el chicle en un castillo**

18:00 horas | Teatro Colón: **Ignatius Farray: La comedia salvó mi vida**

20:30 horas | Teatro Colón: **Amigos hasta la muerte**

### Luns 1 de maio

19:30 horas | Teatro Colón: **Juan Dávila: La capital del pecado 2.0** (estrea en Galicia)

## EMHU 2023

O EMHU, promovido polas produtoras **Etiqueta Negra** (Galicia) e **Producciones El Espectador** (Madrid), e que conta co apoio do Concello da Coruña, da Xunta de Galicia e de Estrella Galicia, é unha das citas de referencia da comedia a nivel estatal tanto pola súa programación -pola que pasaron artistas como Andreu Buenafuente, Inés Hernand e Nerea Pérez de las Heras ou David Broncano, entre outras- como pola afluencia de público: no 2022, no que o Coliseum foi unha das principais sedes, o Encontro Mundial do Humorismo sumou máis de 19.000 espectadores.

De cara á presente edición de 2023, o EMHU inclúe, como é habitual, a presenza de **figuras icónicas en galas de produción propia**, creadas exclusivamente para o evento. É o caso de **Humoris Causa**, que este ano xuntará a **Eva Hache, Dani Rovira, Javier Cansado e Xosé A. Touriñán** sobre o escenario do Pazo da Ópera o 29 de abril; da nova gala **Animus locandi**, coa que o EMHU regresará ao Palexco para que o público escache coa risa da man de **Ana Morgade, Eva Soriano, Leo Harlem e Sílvia Abril**; ou de **Fantastic Colofon**, a gala de peche do evento, que terá lugar o 7 de maio e que contará con **Carolina Iglesias, Pantomima Full e co director artístico do EMHU, Luis Piedrahita**, sobre as táboas do Teatro Colón. Nesta cita, ademais, entregaranse os Premios EMHU 2023: **Leo Harlem, Laura Caballero, Siro López e Carlos Ballarta** son os artistas recoñecidos nesta edición.

O Encontro Mundial de Humorismo contará na súa programación troncal con algúns dos **espectáculos en xira máis demandados polo público** neste momento. É o caso de **Buenismo Show**, cuxa estrea en Galicia tivo lugar o 28 de abril no marco do EMHU; ao igual que **La capital del pecado 2.0** de Juan Dávila, cuxa función está programada para o 1 de maio; ou **Estirando el chicle desde un castillo**, un programa especial do podcast presentado por Carolina Iglesias e Victoria Martín que se gravará, ao vivo, na tarde do 30 de abril desde o Castelo de Santo Antón. Ademais, entre as propostas que se poderán ver estes dez días na Coruña, están **La comedia salvó mi vida**, con Ignatius Farray (30 de abril); **La Ruina**, o show de Ignasi Taltavull e Tomàs Fuentes (6 de maio); e **Garabato controlado** (5 de maio), cita que suporá a estrea en España do novo espectáculo do arxentino Juan Barraza.

A comedia galega terá unha importante presenza neste encontro de ámbito estatal. Alén das estreas absolutas de **As R(h)umorosas** e **Ansia Viva**, ou da participación de Carolina Iglesias, Luis Piedrahita e Rober Bodegas (Pantomima Full) na gala **Fantastic Colofon**, tamén conta con selo do país o filme **Amigos hasta la muerte**, a adaptación cinematográfica que dirixe Javier Veiga sobre a obra teatral e **que se proxectará por primeira vez para o público o domingo 30 de abril no Teatro Colón**, antes da súa chegada aos cinemas -prevista para o



15 de setembro-. A exhibición da película estará acompañada dunha breve conversa e espectáculo que contará coa participación de Marta Hazas, David Amor, Xosé A. Touriñán e do propio Veiga.

Ademais, da programación de espectáculos EMHU conta cunha serie de actividades paralelas abertas ao público ou con acceso mediante convite, como é o caso do concerto **La banda sonora de nuestra risa** (4 de maio) ou a presentación de **Showriano**, o programa da plataforma Movistar+ (5 de maio). De entrada libre é a exposición **El Guernica: una viñeta universal, humor en la oscuridad, que se poderá visitar até o 30 de xuño na Casa Museo Picasso**, ou propostas xa celebradas, como foron a charla Picasso e a caricatura (venres 28) e a función da Escuela de Impro A Coruña (sábado 29).

### **Contacto de prensa EMHU 2023**

The Office Comunicación

Lucía Pita | 675 404 321

Luisa Castiñeira | 620 113 155

[prensa@theofficeco.es](mailto:prensa@theofficeco.es)

Para máis información podes visitar a páxina web [www.emhu.es](http://www.emhu.es) ou acceder á **sala de prensa** desta edición.